



CONCELLO DE LOBIOS

## MINUTA DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENARIO MUNICIPAL DO DÍA 02 DE FEBREIRO DO 2007.

### SEÑORES ASISTENTES:

#### Alcalde-Presidente

D. Benito Vázquez Vázquez.

#### Concelleiros:

D. Enrique López Álvarez.  
D. Celso Paz León.  
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.  
D. Antonio Estevez González  
D. Juan Carlos Pérez Paz.  
D. Francisco Veloso González  
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira  
D. José Álvarez Pereira  
D. Antonio Pérez González.  
D. Xesús Deibe Fernández Simo

#### Secretario

D. Pablo Antonio Álvarez Martínez.

No salón de Sesións da Casa do Concello de Lobios, sendo as 20,30 horas do día 2 de febreiro do 2007, reúnen, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Extraordinaria do Plenario do Concello de Lobios, solicitado por los 4 Srs. Concelleiros do Grupo PSdeG PSOE, D. Francisco Veloso González, D. José Álvarez Pereira, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira y D. Antonio Pérez González. Estando presentes os 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público.

## **ORDE DO DÍA**

1. Nombramiento y designación de persona competente de la custodia y guarda de la documentación del Concello. Designación concreta del lugar donde se encuentra el archivo municipal y cierre del mismo con llave de seguridad.
2. Informe del Concello de Lobios sobre las altas y bajas habidas en el Padrón Municipal desde el 1 de enero del año 2002 hasta la actualidad.
3. Informe del Concello de Lobios sobre las altas y bajas habidas en el censo -CER y CERA- desde el 1 de enero del año 2002 hasta la actualidad.
4. Elaboración de un Padrón Municipal ajustado a la legalidad vigente, con traslado inmediato del mismo al Instituto Nacional de Estadística.
5. Informe por la Secretaria-Interventora sobre la legalidad de los pagos efectuados por el Concello de Lobios de los años y ejercicios comprendidos desde 1999 a



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

- 2005, así como debe informarse igualmente sobre la legalidad de la adjudicación de obras en los precitados ejercicios.
6. Solicitud ante la Administración de un Secretario-Interventor de carrera. Contratación inmediata de un Secretario-Interventor de carrera o persona cualificada para el cargo.
  7. Requerir a la Junta Electoral de zona a fin de que su presidente asista a la elección de los miembros de las mesas electorales que se constituyan para la celebración de las elecciones municipales en mayo de 2007.

Previamente á consideración da Orde do Día o Sr. Alcalde da conta do seu decreto de data de hoxe en virtude do que nesta Sesión actuará como Secretario habilitado para dar fe da mesma o funcionario de carreira, administrativo-informático, D. Pablo Antonio Álvarez Martínez, debido a que a Secretaria habilitada non pode asistir por estar padecendo un proceso gripal con febre.

Logo destas incidencias o Sr. Alcalde dispón que se pasen a considerar os diversos asuntos que integran a Orde do Día, e previamente por parte do Sr. Secretario faise entrega a cada un dos Srs. Concelleiros do informe de Secretaría, preceptivo, relacionado con cada un dos sete puntos que integran a orde do día desta Sesión.

### **1.- NOMEAMENTO E DESIGNACIÓN DE PERSOA COMPETENTE PARA A CUSTODIA E GARDA DA DOCUMENTACIÓN DO CONCELLO. DESIGNACIÓN CONCRETA DO LUGAR ONDE SE ATOPA O ARQUIVO MUNICIPAL E PECHE DO MESMO CON CHAVE DE SEGURIDADE.**

Por parte do Sr. Alcalde procédese a dar lectura ó informe emitido sobre o particular pola Secretaría do Concello, no que se conclúe que tal como se dispón no artigo 2 do Real Decreto 1174/87, do 18 de setembro, a custodia da documentación municipal corresponde á persoa que en cada intre desempeña a función de Secretario do Concello, quen será o responsable da custodia desta documentación polo que non resulta preciso efectuar nomeamento algún.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Veloso, Voceiro do Grupo Municipal do PSOE quen manifesta a posible alarma social que se producirá si logo das eleccións do vindeiro mes de maio prodúcese o cambio do titular da alcaldía, pois pode desaparecer algunha documentación existente no Concello, entende que debe facerse un inventario de toda a documentación existente e colocala en lugar seguro, polo que entende debe haber votación sobre o proposto e depósito da documentación nun lugar con pechadura de seguridade con unha única chave, pois resulta de dominio público de que falta documentación.

O Sr. Fernández Simo pregunta si existe algunha novidade sobre a cobertura da praza de Secretario e que se lle diga que documentación é a que desapareceu, tal como indica o Sr. Veloso.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

Resposta o Sr. Alcalde a estas intervencións dicindo que o arquivo fai pouco que foi feito na pranta superior do edificio da Consistorial onde está depositada a documentación do Concello pero que non lle consta que falte documentación algunha, e que se alguén coñece a documentación que falta, a súa obriga é a de manifestalo. No arquivo somentes entra o persoal do Concello, cando se lle ordena. Insistindo ó manifestado no informe de secretaría, manifesta que non hai nada que votar.

Replica o Sr. Veloso que resulta feo botar a culpa ó Secretario xubilado en xuño do 2005, preguntándose se o día de mañá se falta algunha documentación, a quen se lle vai botar a culpa, volvendo a solicitar unha chave de seguridade para o arquivo e que se diga onde vai estar depositada toda a documentación do Concello, insistindo en que procede a votación sobre a documentación depositada no arquivo, con chave de seguridade, que este en posesión unicamente do Secretario do Concello.

Ant. A insistencia do Sr. Veloso o Sr. Alcalde somete a votación a proposta do Sr. Veloso, que queda rexeitada por non dispor máis que de 4 votos favorables, seis en contra e a abstención do Sr. Fernández Simo.

## **2.- INFORME DO CONCELLO DE LOBIOS SOBRE AS ALTAS E BAIXAS HABIDAS NO PADRÓN MUNICIPAL DESDE O 1 DE XANEIRO DO AÑO 2002 ATA A ACTUALIDADE.**

O Sr. Alcalde procede a dar lectura ó informe de Secretaría relacionado con este punto, que consta no expediente desta Sesión.

O Sr. Veloso di que o que el solicita é que se exhiba o expediente de altas e baixas habidas no Padrón e que non se conforma cun informe de favor fora da legalidade que pode ser constitutivo de responsabilidade penal. El dispón dun informe emitido polo I.N.E. no que se conclúe que resulta obrigatoria a cesión dos datos solicitados para que os Concelleiros estean debidamente informados para poder exercer as funcións que lle corresponden de fiscalización da actuación do Concello. O que se solicita é o expediente de altas e baixas do Padrón, que non consta no expediente da Sesión, apercibíndose dun posible delito por non ter exhibido o expediente e antes do plenario solicitouse polos Srs.. Concelleiros convocantes deste Pleno das follas de empadroamento dende o ano 2002, sen ser atendidos neste requirimento. Resulta de dominio público que o Grupo de Goberno coa maioría de que dispón e coa axuda e colaboración dos funcionarios contratados, o Padrón municipal resulta manipulado coa finalidade de obter un beneficio electoral, debendo de pórse estes feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal. Reitera o seu requirimento ó Sr. Alcalde para que se lle exhiba a documentación do Padrón Municipal.

O Sr. Fernández Simo pregunta que si é verdade que si os Srs.. Concelleiros teñen dereito á exhibición desta documentación, que queda agradecido ó Grupo propoñente porque así



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

tamén el a pode examinar e que si se lle permite ver as altas que se produciron no Padrón, poderá comprobar si houbo ou non alteracións do mesmo.

O Sr. Alcalde manifesta que está a documentación solicitada a disposición dos Srs.. Concelleiros para poder examinala pero non para levar copia algunha, indicando que non se produxo alteración ou modificación algunha nos datos do Padrón e que no caso de que se comprobe algunha falsidade xa se sabe a onde debe dirixirse a correspondente denuncia. Reitera a disposición desta documentación, que debe de ser exhibida sempre que os interesados nela se dirixan á Alcaldía solicitando esta exhibición.

O Sr. Veloso reitera que o informe de secretaría contén datos absolutamente falsos como o demostra o feito de que o C.E.R. baixa progresivamente tódolos anos e o C.E.R.A. incrementase dende o ano 2003 ó 2006, pasando de 446 votantes a 470, ou sexa, 24 persoas máis de incremento, o que leva a pensar que existen indicios para considerar que o Padrón e o Censo están alterados e non resultan acordes coa legalidade, podendo constituír un delito de falsidade. Neste intre fai mención a que o Sr. Tenente Alcalde D. Enrique López Álvarez parece que o quere intimidar e que lle retira a palabra, insistindo de tódolos xeitos de que o Concello de Lobios non informa axustado á legalidade e omite o cumprimento das súas obrigas.

O Sr. Fernández Simo toma a palabra para indicar que anuncia o seu voto de abstención nos puntos 2 e 3 incluídos na orde do día, xa que prodúcense informacións dispares entre o Grupo de Goberno e o Grupo Municipal do PSOE.

O Sr. Alcalde remata para dicir que neste momento non existe nada que votar porque non parece oportuno votar se o Concello elabora ben ou mal o Padrón Municipal de habitantes, ó que o Sr. Veloso replica para dicir que esixe o que se propón na convocatoria, ou sexa a exhibición do Padrón de habitantes.

### **3.- INFORME DO CONCELLO DE LOBIOS SOBRE AS ALTAS E BAIAS HABIDAS NO CENSO -CER Y CERA- DESDE O 1 DE XANEIRO DO ANO 2002 ATA A ACTUALIDADE.**

O Sr. Alcalde procede a dar lectura ó punto 4º do informe de secretaría polo que xa dispón o Sr. Veloso dos datos solicitados, pois xa lle foron entregados con data 29 do pasado mes de xaneiro; polo tanto, ó non existir por parte dos Srs.. convocantes, acordo algún para someter a votación, considera non é preciso levar a cabo a mesma posto que o propio informe da Sra.. Secretaria dálle cumprida resposta ó que interesan.

O Sr. Veloso insiste en que se lle exhiba o expediente do Padrón, pois del sai o Censo Electoral; o Padrón é un documento elaborado polo Concello en tanto que o Censo é elaborado polo I.N.E., pero, do Padrón sai o Censo, polo que insiste en que si se producen alteracións inxustificadas no Padrón, pode haber unha falsidade en documento público.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Fernández Simo reitera o manifestado no punto anterior.

#### **4.- ELABORACIÓN DUN PADRÓN MUNICIPAL AXUSTADO Á LEGALIDADE VIXENTE, CON TRASLADO INMEDIATO DO MISMO Ó INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA.**

O Sr. Alcalde procede a dar lectura ó informe de secretaría relacionado con este asunto, no que se acredita que o Concello elabora o Padrón de habitantes dacordo coas instrucións que se reciben do I.N.E., axustándose ó establecido sobre o particular no Regulamento de Poboación, insistindo que nunha Sesión do Pleno anterior xa se deu conta dun escrito da delegación provincial de Estatística onde quedaba claro que non se detectaron irregularidades nos datos relativos ó Concello de Lobios. Tampouco neste punto considera que existe proposta que votar.

O Sr. Veloso toma a palabra para indicar a mala fe do Sr. Alcalde convocando este Pleno despois do 31 de xaneiro pasado que resulta ser a data en que o I.N.E. pecha o Padrón de habitantes para elaborar o Censo Electoral. Isto faise a propósito para incrementar así o número de votantes. A votación que propón consiste en que o Concello elabore un Padrón axustado á legalidade, pondo como exemplo que a xente ven de fora precisa dun certificado no que se lle autorice a vivir na vivenda de algún outro veciño e el que saber quen está neste caso, e por eso e polo que non se lle exhibe esta documentación nin se trae ó Pleno.

O Sr. Fernández Simo manifesta que no momento en que pode haber expedientes e acreditar algunha irregularidade, será o momento en que prantexe este problema no Pleno.

A todo o anterior replica o Sr. Alcalde dicindo que a todos estes expedientes teñen acceso os Sr. Concelleiros sempre e cando o soliciten da Alcaldía.

Replica o Sr. Veloso reiterando o seu desexo de que se vote.

O Sr. Fernández Simo indica que o voto solicitado sempre ten que ser favorable xa que todos cremos que a elaboración do Padrón de habitantes ha de facerse conforme á Lei, non sendo posible votar que o Padrón se faga prescindido da Lei.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que non hai nada que someter a votación neste punto posto que o Padrón xa se está facendo conforme á lexislación vixente.

O Sr. Veloso quere que conste en Acta que el interesa expresamente que este asunto sexa sometido a votación pero que o Sr. Alcalde reitera a súa postura de non someter este asunto a votación.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

**5.- INFORME POLA SECRETARIA-INTERVENTORA SOBRE A LEGALIDADE DOS PAGOS EFECTUADOS POLO CONCELLO DE LOBIOS DOS ANOS E EXERCICIOS COMPRENDIDOS DESDE 1999 ATA 2005, ASÍ COMO DEBE INFORMARSE IGUALMENTE SOBRE A LEGALIDADE DA ADXUDICACIÓN DE OBRAS NOS PRECITADOS EXERCICIOS.**

O Sr. Alcalde procede a dar lectura ó informe de secretaría relacionado con este punto, remitíndose ó xa informado na Sesión do Pleno do 2 de decembro do pasado ano 2006, e manifestando que sobre este punto non hai nada que votar posto que este tema xa foi tratado, debatido e sometido a votación na dita Sesión Plenaria.

O Sr. Veloso toma a palabra para dicir que unha vez máis se lles denega o informe solicitado; elo débese a que existen numerosas irregularidades polo que a Secretaria négase a emitir un informe para non sacar á luz as irregularidades dos pagamentos efectuados.

O Sr. Fernández Simo di que el non asistiu ó Pleno do 2 de decembro, polo que solicita que se lle remita copia do informe emitido por secretaría na indicada Sesión, respostando o Sr. Alcalde que se lle fará chegar copia do citado informe.

**6.- SOLICITUDE ANTE A ADMINISTRACIÓN DUN SECRETARIO-INTERVENTOR DE CARREIRA. CONTRATACIÓN INMEDIATA DUN SECRETARIO-INTERVENTOR DE CARREIRA OU PERSOA CUALIFICADA PARA O CARGO.**

O Sr. Alcalde tamén procede á lectura do informe de secretaría sobre este punto, engadindo que ó coincidir todo el co proposto por este mesmo Grupo no Pleno Extraordinario celebrado no día 2 de decembro do pasado ano 2006 no seu punto 5º, sendo rexeitado por catro votos a favor do Grupo Municipal do PSOE e seis en contra do Grupo Municipal do PP e, toda vez que persisten as mesmas circunstancias que entón, considera non hai nada que votar posto que non se produxo ningunha variación ou alteración ó entón proposto polos Srs.. Concelleiros integrantes de dito Grupo Municipal.

O Sr. Veloso indica que tratándose dunha Sesión convocada a instancias do seu Grupo e da que se propoñen os asuntos a incluír na orde do día, debería ser el, como Voceiro do Grupo proponente quen tomara a palabra en cada punto, engadindo que é de sobra coñecido que a base para frear esta situación, similar á de Marbella ou Mallorca, é a de contar cun Secretario de carreira para que haxa un orde e seriedade na vida administrativa do Concello. A persoa que actualmente exerce as funcións de Secretaria é unha boa persoa pero ten vinculacións co Equipo de Goberno que a impiden ser imparcial na súa actuación, polo que a figura do interventor faría que o Sr. Tesoureiro se lle puideran aclarar as súas contas, posto que a situación pola que atravesamos a contabilidade no Concello está sumida nun sinfín de irregularidades que levan o diñeiro público a intereses particulares, polo que debería darse conta ás autoridades pertinentes para evitar responsabilidades do Pleno.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Fernández Simo manifesta que el nada ten que dicir, limitándose a recoller información.

O Sr. Alcalde reitera a súa postura de que non hai nada que someter a votación neste punto.

**7.- REQUIRIR Á XUNTA ELECTORAL DE ZONA A FIN DE QUE O SEU PRESIDENTE ASISTA Á ELECCIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS QUE SE CONSTITÚAN PARA A CELEBRACIÓN DAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS EN MAIO DO 2007.**

O Sr. Alcalde concede a palabra ó Sr. Veloso, que a toma para manifestar que debido a que a supervisión do sorteo das mesas electorais correspóndelle ó Presidente da Xunta Electoral de Zona, sería interesante a súa presenza para a celebración do sorteo dado que este sorteo faise por ordenador, xerando dúbidas e suspicacias ó ser Lobios un pobo reducido en número de habitantes e estar nas mesas de presidente e vocais persoas afíns ó Grupo de Goberno. A maiores, na celebración de sorteos anteriores negóuselle o exame do programa de ordenador utilizado, o que non é legal e xera todo tipo de dúbidas que levan a pensar que o sorteo estaba de antemán amañado polo que, para evitar estas situacións, debese de requirir ó Presidente da Xunta Electoral de Zona a súa presenza.

Seguidamente o Sr. Alcalde procede a dar lectura ó informe de secretaría, no que se manifesta que non procede o requirimento solicitado polo proponente dado que o acto público para a selección, mediante sorteo, dos presidentes e vocais das mesas electorais, está perfectamente regulado pola lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, establecendo que a formación das mesas electorais compete ós Concellos baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zona, e este Concello sempre que houbo algún proceso electoral comunica previamente ó Sr. Presidente da Xunta Electoral de zona o día e hora da celebración deste acto, coa finalidade de que poida estar presente para supervisar o sorteo. Para corroborar o manifestado neste informe da lectura ó escrito dirixido ó Sr. Xuíz de Primeira Instancia e Instrucción de Bande, como Presidente da Xunta Electoral de Zona con motivo das Eleccións Xerais celebradas o día 14 de marzo do ano 2004, para que supervisara este sorteo, pero non asistiu a este acto. Reitera a postura de que deste asunto tampouco hai nada que votar pois a postura do Concello é a de axustar a súa actuación á legalidade establecida.

Seguidamente, non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a Sesión sendo as 21 horas e 55 minutos, de todo o que eu, o Secretario, certifico.